

1ª EDICIÓN DE 'EMPRESA FAMILIAR NAS AULAS'

Alumnos de Cangas e Compostela gañan o premio 'Imaxina a túa empresa'

- Os centros Eduardo Pondal, Peleteiro e S. José de Cluny, galardoados
- O xurado salientou “o compromiso coa RSC” dos participantes



As alumnas e alumnos premiados recolleron os galardóns da man do presidente da Asociación Galega da Empresa Familiar, Víctor Nogueira, e o director xerente de Afundación, Pedro Otero.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2021. Un grupo de 4 alumnos e alumnas de 3º de E.S.O. do centro educativo compostelán San José de Cluny e outro de 6º de primaria do colexio Eduardo Pondal de Cangas do Morrazo, baixo a dirección dos seus docentes, resultaron gañadores do 1º certame *Imaxina a túa empresa*, cun proxecto empresarial de informatización das cidades centrado no transporte e outro de espectáculos, respectivamente.

Os finalistas foron, na categoría de primaria, dous grupos de escolares de 6º curso do centro cangués, polos proxectos, respectivamente, dunha compañía discográfica con contribución social e dunha carpintaría que practica a economía circular; na categoría de secundaria, resultaron finalistas 8 alumnos de 4º de E.S.O. do CPR Manuel Peleteiro, cunha empresa de moda sustentable e outra de chicles de sabores galegos e internacionais elaborados a partir da néspere.

A entrega de galardóns tivo lugar hoxe en Compostela coa presenza do presidente da Asociación Galega da Empresa Familiar, Víctor Nogueira, e o director xerente de Afundación, Pedro Otero. O xurado, formado por dous representantes da asociación e dous de Afundación, salientou o compromiso coa sociedade e o medio ambiente de todos os proxectos participantes. “O estudiantado demostrou o seu compromiso coa Responsabilidade Social Corporativa: teñen claro que as empresas xogan un papel fundamental na economía de Galicia, pero tamén na sociedade, con valores como a sustentabilidade ou o respecto polo medio ambiente, que son intrínsecos ás compañías familiares, o 92,4% do tecido empresarial galego”, destacaron.

Un total de 60 estudantes participaron no certame *Imaxina a túa empresa* con 15 proxectos empresariais co foco posto na igualdade, o medio ambiente ou a creación de emprego en Galicia.

Balance de ‘Empresa familiar nas aulas’

O certame *Imaxina a túa empresa* puxo o broche final á primeira edición do programa *Empresa familiar nas aulas*, organizado pola Asociación Galega da Empresa Familiar e Afundación, Obra Social ABANCA, para fomentar o emprendemento no alumnado de Galicia, impulsando o contacto directo cos empresarios a través de visitas virtuais ás compañías e charlas *online*. 437 alumnos de dez centros educativos de Galicia e dez empresarios –Carlota López Pardo (Aresa); Yago González-Babé (Babé y Cía); Julio Simarro (Congalsa); Óscar Rodríguez (Espina y Delfín); Roberto Tojeiro (Gadisa); Emilio Lostalé (Lodiel); Joaquín Pérez Bellido (Pérez Rumbao); Julio Iglesias (Revi); Pepe Castro (Servicio Móvil); e Antón Fonseca (Terras Gauda)– participaron no programa.

I certame 'Imaxina a túa empresa'

Educación primaria

GAÑADOR

DARUXMA ESPECTÁCULOS (D. Porto, R. Martínez, M. Ogando e U. López - 6º de primaria - CPR Eduardo Pondal - Cangas do Morrazo, Pontevedra).

Servizos de vestuario ou perruquería para teatro e cinema que tamén asiste ás persoas maiores.

FINALISTAS

DISCOGRAFÍAS M.S. (I. Martínez, C. Carracedas, P. Rodríguez - 6º de primaria - CPR Eduardo Pondal - Cangas do Morrazo, Pontevedra).

Discográfica comprometida coa cultura e o emprego.

CARPINTERÍA MMRN CASTIÑEIRA (N. Porcel, M. Ferradás, R. Rial, M. Martínez - 6º de primaria - CPR Eduardo Pondal - Cangas do Morrazo, Pontevedra).

Empresa de ferramentas de construción que practica a economía circular.

Educación secundaria

GAÑADOR

URBEDOR (A. Arza, L. Rey, M. Ríos, A. Pereira - 3º de E.S.O. - San José de Cluny - Santiago de Compostela, A Coruña - Docente: R. Cacheda).

Informatización de cidades co foco no transporte.

FINALISTAS

ARTHEMISE (M. Navaza, C. Leza, I. Carballal, A. González, L. Lorenzo - 4º de E.S.O. - CPR Manuel Peleteiro - Santiago de Compostela, A Coruña - Docente: Alberto Pérez).

Compañía de moda sustentable.

C-FUN (A. Meyer, C. Lapidó, A. Pomares - 4º de E.S.O. - CPR Manuel Peleteiro - Santiago de Compostela, A Coruña - Docente: Alberto Pérez).

Producción de gomas de mascar con sabores xeográficos a partir da néspere.